

Acta da Asambllea Xeral

13 de abril de 2023

Lugar: Hotel Santiago Apóstol. Costa de San Marcos N°1.- Santiago de Compostela

Hora: 20:00 horas convocatoria sesión ordinaria

Orde do día,

- 1.- Lectura e aprobación se procede da acta da Asemblea anterior.
- 2.- Memoria e Contas 2022. Aprobación se procede.
- 3.- Plan de Viabilidade e proxecto federativo
- 4.- Calendarios e normativas 2023.
- 5.- Rogos e preguntas

Asistentes:

Presidente-Javier Campos Peña

Secretaria Xeral- Mónica Flores Ferreiro

ESTAMENTO DE CLUBS

AD Fogar – Gustavo Álvarez Nogueira

Triatlón Santiago-Paloma Herbelo

Club Olímpico de Vedra – Mª Candelaria García

Triatlón Rias Baixas- Enrique Hernández Moldes

ESTAMENTO TÉCNICOS

Javier Campos Peña*

ESTAMENTO OFICIAIS/XUICES

Javier Ángel Vázquez Orejas

Mónica Flores Ferreiro*

Desenvolvemento da sesión e Acordos Adoptados

Comeza a sesión en segunda convocatoria ás 20:30 h.

O Presidente realiza a presentación da asemblea, lamentando a ausencia dos asembleístas non presentes, a quen se dirixirá a oportuna comunicación, sen prexuízo de desculpar a quen o comunicaron oportunamente.

1.-Lectura e aprobación da acta da Asemblea anterior

Indícase que a acta xa foi enviada e polo tanto salvo que alguén desexe que se lea ou aclare algo procédese a votación

Procédeuse á votación da acta

Votos a favor- 7

Votos en contra-0

Abstencións- 0

2.- Memoria e contas 2022



O presidente informa do cambio de asesoría laboral debido a subida planteada no seu servizo dun 33%, custe que a Federación non podía asumir. Pedíronse tres orzamentos e acordouse cambiar a unha xestoría de Carballo. Indica así mesmo que contaba que o xestor presentara as contas pero como non acude, se ben foron enviadas a todos en tempo e forma para que fixesen as pertinentes aclaracións co xestor, da a palabra á Secretaría, Mónica Flores para que realiza un resumo das distintas partidas.

Expostas as contas procédese á súa votación

Votos a favor- 7

Votos en contra-0

Abstencións-0

3.- Plan de Viabilidade e proxecto federativo

O presidente expón o plan de viabilidade presentado á Secretaría Xeral para o Deporte e enviado aos asembleístas coas contas, no que se pode garantir a recuperación contable a curto prazo coas correccións laborais e de gasto planteadas xa en 2023. Redúcese o gasto en RRSS coa contratación dunha asalariada a media xornada, modifícanse as condicións no novo contrato asinado co Director Deportivo, reducindo o custe. Continuará coa súa xestión na FEGATRI pero favorecendo a compatibilidade con outros proxectos deportivos.

Procedese á súa votación vinculado ás contas federativas

Votos a favor- 7

Votos en contra-0

Abstencións-0

A continuación infórmase aos presentes das condicións do convenio que a FEGATRI asinou con CLUPIK para aportar aos clubs servizos de dixitalización e web patrocinados a cambio de publicidade que non interferiría cos patrocinadores dos clubs.

Infórmase da situación da demanda de material en cesión por parte da FEGATRI ao club AD Tripenta Terras de Lugo xa que a FEPM está reclamándoo á Federación Galega para reparto no resto dos clubs galegos.

Infórmase tamén da situación da franquicia do seguro de RC e pídesse que se comunique a todos os federados a súa existencia xa que a asume o federado en caso de accidente.

Infórmase da planificación da celebración da Gala de circuítos en Narón, pendente da concesión do local por parte do Concello.

Infórmase dos aspectos deportivos dos encontros de menores previstos e do plan de actuación no CGTD para a próxima tempada onde se plantea a creación dun grupo de alto nivel a través de contactos coa Federación Española para traer deportistas de fóra que poidan favorecer o adestramento dos galegos e galegas.

4.- Calendarios e normativas 2023.

Expóñense as modificacións de calendario aprobadas pola Comisión Delegada o 22 de marzo de 2023 de cara á votación para a súa ratificación.

Así mesmo comunícase que o Cpto Galego de Triatlón de Menores de Ferrol está previsto para o 15 de xullo, pendente só da comunicación oficial unha vez o Concello dea o visto bo por escrito.

Votos a favor- 7

Votos en contra-0

Abstencións-0

2



4.- Rogos e Preguntas

O representante do Triatlón Rías Baixas manifesta o seu malestar pola escasa asistencia a esta reunión, propoñendo volver a convocatoria e celebración de reunións telemáticas, coa finalidade de facilitar a comparecencia dos membros da Asemblea; recorda tamén a posibilidade recollida no vixente Regulamento Electoral de convocatoria parcial de eleccións para cubrir as vacantes por estamentos.

Non habendo rogos e preguntas levántase a sesión ás 22:10 h.

FEGATRIIB
FEDERACIÓN GALEGA DE TRIATLÓN
E PENTATLÓN MODERNO

Rúa Castelao 21/ent. 2
27001 Lugo || 982 251 545

Asdo.- A Secretaría Xeral
Mónica Flores Ferreiro

VºBº

Firmado por ***6044** JAVIER CAMPOS
(R: ****0393*) el día 24/04/2023 con
un certificado emitido por AC
Representación

Asdo.- O presidente
Javier Campos Peña

